



**CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)**

ACTA Nº 4/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRES DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a tres de abril de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. SORTEO FORMACIÓN MESAS ELECTORAIS ELECCIÓN XERAIS 28 DE ABRIL DE 2019 (ART. 26.4 LEI ORGÁNICA 5/1985, DE 19 DE XUÑO).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da obriga de dar cumprimento ó disposto no art. 26.1 e 4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral en relación coas Eleccións Xerais 2.019, a celebrar o día 28 de abril do ano en curso, convocadas mediante Real Decreto 129/2019, de 4 de marzo (BOE nº 55, de data 05/03/2019).

Seguidamente polo Pleno do Concello procédese, mediante o emprego de medios informáticos, ao sorteo público das dezaioito mesas electorais correspondentes aos distritos e seccións dos que consta o Municipio de Ordes, formándose as Mesas que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se apuntan que figuran anexos a esta acta.

2. BONIFICACIÓN COTA ICIO, LICENZAS URBANÍSTICAS DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS.

Expediente de bonificación cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras:

- **GANDERÍA VARELA FARIÑA**, con CIF nº J70282496, solicitude de data 27/01/2019, rexistro de entrada nº 201999900000027, de obras de ampliación de explotación gandeira existente “**VACÚN DE LEITE**, en Lg. A Grela, 2, Lesta – ORDES [Finca catastral 15060A501011340000LL (Agrupación parcelas 424 e 425 da ZCP Lesta)] (**Expdte. 220/2.018 – 2.018/U022/000028**).

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte horas e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO